

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Aprobación de bases da convocatoria de subvencións aos colexios de 2.º ciclo de ed. infantil e primaria e institutos de ed. secundaria para a realización de viaxes escolares durante o ano 2019

Por Resolución da Alcaldía do 16 de maio de 2019 aprobáronse as bases da Convocatoria de subvencións aos colexios de 2.º ciclo de educación infantil, primaria e institutos de educación secundaria para a realización de viaxes escolares durante o ano 2019, que se publican para xeral coñecemento:

1. OBXECTO.

Estas subvencións teñen por obxecto colaborar cos colexios de 2.º ciclo de educación infantil, primaria e institutos de educación secundaria para a realización de viaxes escolares de carácter cultural durante o ano 2019 (celebradas entre o 1 de xaneiro e o 10 de outubro de 2019).

2. FINALIDADE.

Con estas subvencións o Concello de Carballo pretende colaborar cos centros educativos na realización de actividades de carácter formativo fóra do medio propiamente escolar, complementando as actividades académicas e ofrecéndolle aos/ás alumnos/as a posibilidade de coñecer novos lugares e recursos.

3. SOLICITANTES.

Poderán solicitar estas subvencións aos colexios de 2.º ciclo de educación infantil, primaria e institutos de educación secundaria do municipio de Carballo, que deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Realizar viaxes escolares de carácter cultural.
- As actividades non persigan finalidades estritamente de lucro.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello correspondente a exercicios anteriores.

4. CRITERIOS DE CONCESIÓN, IMPORTE DAS AXUDAS E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN.

A subvención correspondente a cada colexio ou instituto determinarase en función do número de alumnos/as do centro de acordo cos seguintes criterios:

Centros entre 51 e 124 alumnos/as	300 €
Centros entre 125 e 400 alumnos/as	475 €
Centros entre 401 e 500 alumnos/as	570 €
Centros de máis de 500 alumnos/as	660 €
Cando un centro imparta clases a diferentes unidades en máis dun edificio separados en máis de 500 m	concederanse un mínimo de 120 € por cada edificio

En calquera caso o presuposto de gastos do proxecto presentado polo centro educativo deberá ser superior ao importe da subvención.

As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante, a suma do importe das axudas recibidas e dos ingresos obtidos non poderá superar o custe total do programa a desenvolver.

Para a concesión destas axudas destinarase un orzamento de 6.340 €. O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O procedemento de tramitación das subvencións recollidas nesta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento. Seguirase un procedemento abreviado e a instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos de Cultura, que realizará as

actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

As entidades que soliciten algunha subvención deberán presentar as súas solicitudes na sede electrónica do Concello de Carballo no prazo dun mes dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes presentaranse no modelo que a tal fin preparará o Concello de Carballo e no que deberá constar:

- a) Nome, enderezo postal e electrónico, teléfono e CIF do colexio ou instituto solicitante.
- b) Nome e apelidos do director, CIF, teléfono e enderezo a efectos de notificación electrónica.
- c) Número de alumnos matriculados no centro no curso 2018-2019 e o no caso de que se impartan clases en diferentes edificios, indicar o número de edificios.
- d) Nome do proxecto de actividade que se presenta a esta convocatoria e presuposto total e desglosado de gastos e ingresos previstos, coa expresión da financiación prevista.
- e) Declaración da realización do programa de actividades obxecto da subvención e memoria da actividade realizada, especificando obxectivos, ámbito de actuación, lugar, datas e horarios, breve descrición da actividade, destinatarios e número de participantes, responsable da actividade e outras entidades que colaboran e resultados obtidos, conforme ao modelo que proporcionará o concello.
- f) Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.
- g) Documentos escaneados ou fotocopiados en A4, que demostren a realización das actividades subvencionadas, como noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel,... e materiais de difusión e publicidade nos que conste a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores. No caso de que non fora posible aportar estes documentos explicarse o motivo.
- h) Declaración detallada e clasificada dos gastos e ingresos correspondentes á actividade subvencionada, asinada polo secretario/a e director/a do centro.
- i) Facturas correspondentes ás actividades ou gastos do programa subvencionado, por un importe igual ou superior á subvención concedida, e relación clasificada das facturas presentadas con indicación do concepto de gasto, concepto do orzamento ao que corresponden, do acredor, documento, importe e data de emisión. As facturas deben de corresponder a gastos que se consideran subvencionables conforme figura especificado na Base 8.3.

Para a xustificación, só se admitirán facturas de gastos de comida e bebida por un importe máximo total do 50% do importe da subvención concedida.

As facturas deberán ser copias auténticas e deberán ser por un importe igual ou superior á cantidade concedida. Nas facturas orixinais deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida especificando a súa utilización para a xustificación da subvención desta convocatoria. En todos caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concedera a subvención.

No caso de presentación de facturas por un importe inferior ao da subvención, aboarse só o importe presentado.

j) Declaración xurada detallada das subvencións ou axudas solicitadas ou concedidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

k) Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social.

l) O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Carballo.

m) O Concello de Carballo fará unha consulta electrónica automatizada para comprobar que as entidades solicitantes están ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán de indicalo no impreso correspondente e achegar o devandito documento.

n) Certificación da conta bancaria a nome da asociación (non será necesario achegar este documento se xa foi presentado anteriormente e non sufriu variación).

6. RESOLUCIÓN E FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA.

6.1.–O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e seguirase un procedemento abreviado. Previo informe dos servizos técnicos de

Cultura, a proposta de resolución e aprobación da xustificación será efectuada por un único acto polo Concelleiro de Cultura e aprobados polo órgano competente, previa fiscalización da intervención municipal, consonte ao procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2.–A resolución co acordo de concesión e denegación das subvencións farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballo.

6.3.–O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

7. OBRIGAS DOS PERCEPTORES.

As entidades receptoras das subvencións estarán obrigadas a:

a) Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto. No caso de producirse calquera alteración relevante no presuposto ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ó Concello, que deberá autorizar o cambio.

b) Facer constar nos materiais de difusión e publicidade das viaxes escolares a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores, excepto no suposto de que algunha das actividades rematase antes da presentación da solicitude.

No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.

c) No caso de que a actividade se realice na vía pública ou ao aire libre, dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade.

d) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.

e) Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.

f) Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.

g) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

g) Xustificar a actividade subvencionada nos prazos e condicións que se indican.

h) Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

8. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido.

Só se admitirán como gastos subvencionables os gastos de comida e bebida por un importe máximo total do 50% do importe da subvención concedida.

9. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O abono da subvención levarase a cabo mediante transferencia bancaria, nun pago único, sen necesidade de presentar ningún tipo de xustificación tendo en conta que esta xa deberá formar parte da documentación que acompaña a solicitude.

10. REVISIÓN E ANULACIÓN.

10.1.–O Concello de Carballo reserva para si o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos e a inversión da cantidade económica outorgada así como a efectiva realización delas, e a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

10.2.–En caso de incumprimento das obrigas por parte dos perceptores, o Concello poderá revocar e esixir o reintegro da subvención.

11. OUTRAS DISPOSICIÓNS.

11.1.–O concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estén obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

11.2.–A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

11.3.–De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, o responsable de tratamento dos datos persoais é Concello de Carballo, con enderezo en Praza do Concello s/n, 15100 - Carballo (A Coruña); lopd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello de Carballo é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L., co que poderá contactar en lopd@carballo.gal.

Os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Pode exercerse o dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, Concello de Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio destes dereitos, mediante unha solicitude propia ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a identidade.

Pódese consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@carballo.gal.

O Concello de Carballo subministrará os datos relativos ás subvencións concedidas ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia e ó Base de Datos Nacional de Subvencións.

12. NORMATIVA APLICABLE.

Para todo aquilo no previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Lei 38/2003,
- R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo.

13. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

En cumprimento do disposto no artigo 18.2 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre a concesión das subvencións.

Carballo, 20 de maio de 2019.

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2019/3941